

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO  
CURSO: 4º DE EI  
MATERIA: INGLÉS  
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Contidos e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

<b>1. Contidos e competencias imprescindibles</b>
ÁREA DE INGLÉS
Non procede (Non se avanza materia)
Repaso e ampliación dos campos semánticos traballados nas avaliacións anteriores: Saúdos, cores, números, tempo atmosférico, emocións, xoguetes, obxectos da aula, partes do corpo, familia e roupa.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p><b>As Instrucións do 27 de abril de 2020</b> (<i>criterios de avaliación de Educación Infantil</i>) establecen en Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, e será <b>global, continua e formativa</b>. Debe servir para detectar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizar os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.</p> <p>No contexto actual, ademais da necesaria coordinación <b>entre os profesionais, resulta imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas</b> como partícipes directos no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos e fillas.</p> <p>Os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á <b>consecución dos obxectivos da etapa</b>.</p> <p>Tendo en conta isto, o traballo do terceiro trimestre centrarase na <b>consolidación dos mínimos traballados e no afondamento daqueles que foron impartidos de maneira presencial</b>. Este traballo terá sempre presentes as diferentes posibilidades horarias, tecnolóxicas e de apoio do alumnado.</p> <p>En base a isto, estableceranse os seguintes indicadores de logro para a avaliación deste 3º trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O/a alumno/a participa nas propostas plantexadas dentro das súas posibilidades.</li> <li>- O/a alumno/a consolidou aqueles contidos xa traballados previamente.</li> </ul> <p>Valoraranse as tarefas realizadas a distancia polo alumnado, que servirán para orientar o seu proceso de aprendizaxe e para mellorar as súas competencias</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Tarefas realizadas de maneira virtual. Úsanse diferentes medios; blog (English Amoeiro) correo electrónico, abalar, páxina web,... .</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Segundo o recollido nas Instrucións do 27 de abril de 2020, partiremos das seguintes premisas:</p> <p>A continuidade do proceso de promoción á Educación Primaria non poderá verse prexudicada pola situación de actividade non presencial, en ningún caso, agás para o alumnado con necesidades educativas especiais para o que se considere moi conveniente a permanencia un ano máis nesta etapa, sempre previo informe do departamento de orientación e o acordo dos proxenitores.</p> <p>En base ao marco legal que regula a avaliación na nosa comunidade educativa establecemos os seguintes <b>criterios</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A <u>nota base</u> do alumnado será a resultante dos resultados obtidos durante o primeiro e segundo trimestre na seguinte proporción:</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- En base aos criterios de cualificación establecidos o alumnado poderá mellorar a cualificación se o docente considera que o rendemento é positivo.</li> <li>- Sempre se terán en conta as posibilidades e circunstancias de cada un dos alumnos e alumnas.</li> </ul>
--	--

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Visionado de vídeos, contos, cancións, fichas, xogos online,
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A lingua estranxeira pretende acadar aprendizaxes significativas a través dun tratamento globalizado dos contidos traballados. A experimentación e o xogo teñen moita importancia nesta etapa, do mesmo xeito que as rutinas. Ofrecense vídeos para a realización das rutinas como se facía na aula: Saúdos, Sentimentos e Tempo Atmosférico para o inicio da sesión e Despedidas para o final da sesión.</p> <p>Desde un punto de vista lúdico, ofrécense diferentes vídeos, cancións ou contos para repasar os campos léxicos traballados nas dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Finalmente, ofrécense varias suxerencias de traballo para practicar o vídeo, canción ou conto proposto, podendo elixir unha, varias ou todas. Pode ser unha manualidade, unha ficha ou un debuxo (sen necesidade de imprimir).</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Ordenador, tableta ou móvil con conexión a Internet ou datos. Papeis e pinturas e outros materiais escolares (tesoiras, pegamento...).

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado por diferentes medios segundo os recursos da familias; páxina web, blog English Amoeiro, correo electrónico, abalar,... .
<b>Publicidade</b>	Páxina web do centro, blog English Amoeiro.